Acta da sesión da Comisión non permanente de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia, do día 28 de febreiro de 2022

[PLG/MSGN]

Na sala de comisións do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión non permanente de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia, o día 28 de febreiro de 2022, ás 10:35 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Don Ramón Carballo Páez
(Presidente)
Don Xosé Luís Bará Torres
(Vicepresidente)
Dona Patricia Otero Rodríguez
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Don José Luis Ferro Iglesias
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Dona María del Carmen Rodríguez Dacosta
(en substitución de dona Paloma Castro Rey)

Letrada:
Dona Purificación López Gómez

O Sr. presidente abre a sesión e rógalle á Sra. secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a señora secretaria abandona o seu posto na Mesa e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario.

PARLAMENTO DE GALICIA

Punto único.- Elaboración do ditame da Comisión á vista do proxecto elaborado pola Ponencia (artigo 12 das normas de funcionamento).
1475 (11/SCNP-000003)

A Presidencia informa que, consonte ao acordado pola Mesa da Comisión o pasado 21 de febreiro, o debate e a votación do proxecto de ditame elaborado pola Ponencia así como das emendas presentadas, desenvolveranse do seguinte xeito:

— Turno único dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición verbo do proxecto de ditame e defensa e/ou posicionamento sobre as emendas formuladas, de 5 minutos por grupo parlamentario.
— Votación das emendas G.P. do Bloque Nacionalista Galego: núm. 1 á 6 e
— e, por último, Votación do proxecto de ditame coas emendas incorporadas, se é o caso.

Xa que logo, ábrese a rolda de grupos parlamentarios para posicionarse sobre o proxecto elaborado pola Ponencia, e, sé o caso defensa e/ou posicionamento sobre as emendas formuladas, na que intervén, en primeiro lugar, a **señora Otero Rodríguez, dona Patricia (S),** para poñer de manifesto o traballo que levou a cabo a Ponencia, logo do labor desenvolvido ao longo das distintas lexislaturas polos diferentes grupos parlamentarios con representación na Cámara e agarda que o ditame conxunto acordado teña reflexo e sexa tido en conta polas diferentes administracións competentes na materia e indicando que o seu grupo se vai manter na votación das emendas presentadas.

En segundo lugar intervén o **señor Bará Torres, don Xosé Luís (BNG),** que comeza a súa intervención destacando o ton empregado e o bo ambiente en que se desenvolveron os traballos da Ponencia, así como a disposición dos seus integrantes en buscar acordos para chegar a unha proposta conxunta e motiva a presentación das seis emendas presentadas polo seu grupo parlamentario na consideración de que son útiles, beneficiosas e que melloran o texto proposto, que agarda que sexan tidas en conta.

A continuación intervén o **señor Ferro Iglesias, don José Luís (P)**, quen considera que a Ponencia achega un documento de consenso, con base documental aportada a través das distintas comparecencias para finalmente chegar a importantes conclusións agrupadas en nove áreas temáticas que xa foron valoradas e tidas en conta á hora de elaborar o novo Plan de Seguridade Viaria 2022-2025 e agarda que con todo se consiga visibilizar a problemática da seguridade viaria.

Deseguido pasa a fixar a posición do seu grupo a respecto das emendas presentadas polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego co seguinte detalle:

PARLAMENTO DE GALICIA

-A favor do contido íntegro do punto 17 bis proposto na emenda número 2 , Área 2.

-Proposta de transacción do punto 17 quater proposto na emenda número 2, Área 2 coa seguinte redacción: "Desenvolver campañas publicitarias sobre o perigo do exceso de velocidade e das consecuencias dramáticas dos accidentes.".

-Proposta de transacción parcial coa emenda número 5, no punto 64 da Área 6 no seu segundo apartado coa seguinte redacción: "Calmado de tráfico e redución da velocidade nos espazos urbanos".

Para posicionamento sobre as propostas de transacción, intervén o **señor Bará Torres, don Xosé Luís (BNG),** para manifestar que acepta as ditas propostas e mantén o resto das restantes emendas.

A Presidencia procede á votación.

-Das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego números 1, 3, 4 e 6. Resultan **rexeitadas** por:

. Votos a favor.....	1 (G.P. BNG) que en aplicación do criterio do voto ponderado equivalen a 19 votos
. Votos en contra.....	2 (G.P. P) que en aplicación do criterio do voto ponderado equivalen a 42 votos
. Abstencións.....	2 (G.P. S) que en aplicación do criterio do voto ponderado equivalen a 14 votos

-Da emenda número 2 o punto 17 bis e a transacción do punto 17 quater. Resultan **aprobados pola unanimidade** dos 5 deputados e deputadas presentes e con dereito a voto, que en aplicación do criterio do voto ponderado equivalen a 75 votos.

- A transacción do seu segundo apartado da emenda número 5, Resulta **aprobada pola unanimidade** dos 5 deputados e deputadas presentes e con dereito a voto, que en aplicación do criterio do voto ponderado equivalen a 75 votos

-Do primeiro apartado da emenda número 5 e restante punto da emenda número 2 que resultan **rexeitados** por:

. Votos a favor.....	1 (G.P. BNG), que en aplicación do criterio do voto ponderado equivalen a 19 votos
. Votos en contra.....	2 (G.P. P), que en aplicación do criterio do voto ponderado equivalen a 42 votos
. Abstencións.....	2 (G.P. S,) que en aplicación do criterio do voto ponderado equivalen a 14 votos

PARLAMENTO DE GALICIA

-Do proxecto de Ditame coas incorporación das anteriores emendas aprobadas. Resulta **aprobado** por:

. Votos a favor.....	3 (G.P. P+S), que en aplicación do criterio do voto ponderado equivalen a 56 votos
. Votos en contra.....	0
. Abstencións.....	2 (G.P. BNG), que en aplicación do criterio do voto ponderado equivalen a 19 votos

Por último, a Presidencia informa que, conforme ao disposto no artigo 13 das normas reguladoras da Comisión, os grupos parlamentarios e as deputadas e os deputados da Comisión poderán formular votos particulares ao ditame cando discrepasen do seu contido. Deberán presentarse á Mesa da Comisión no prazo dos cinco días parlamentariamente hábiles seguintes á finalización do ditame, prazo que remata ás **13 horas do día 5 de marzo de 2022.**

Denantes de levantar a sesión, o señor presidente felicita a todos polo traballo realizado, así como aos servizos da Cámara a aos comparecentes que participaron nesta Comisión.

Remata a sesión ás 10:55 horas.

Ramón Carballo Páez

Firmado digitalmente por Ramón Carballo Páez
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Ramón Carballo Páez, email=ramon.carballo.paez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2022.05.04 08:57:23 +02'00'

Ramón Carballo Páez
Presidente da Comisión

Patricia Otero Rodríguez

Firmado digitalmente por Patricia Otero Rodríguez
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Patricia Otero Rodríguez , email=patricia.otero.rodriguez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2022.05.03 10:14:39 +02'00'

Patricia Otero Rodríguez
Secretaria da Comisión